

O Brasil no século XXI: a victoria de lula e as alternativas

Ricardo Antunes

Finalmente, na recente elección presidencial de 2002, o líder operario Luiz Inácio Lula da Silva (Lula), con apoio das esquerdas brasileiras, saíu victorioso, despois dun período de enorme desertización social, política e económica do Brasil, consecuencia do neoliberalismo implantado na era de Fernando Henrique Cardoso (FHC). Esa victoria ocorre, entre tanto, nun contexto internacional e nacional que combina elementos máis favorábeis e outros bastante desfavorábeis. Comecemos polos puntos desfavorábeis.

Se en 1989, cando Lula foi candidato por primeira vez á Presidencia da República, o Brasil encontrábase nun forte ciclo de loitas e avances sociais, do que foran exemplos o nacemento do PT (Partido dos Traballadores), da CUT (Central Única dos Traballadores), do MST (Movimento dos Traballadores Sem-Terra), alén dun significativo movemento folguista de ámbito nacional, en fin, nunha fase de loitas sociais ampliadas, hoxe, o cadro é diferente, pois presenciamos un relativo recuo de parcela destes movementos, como o propio PT, que vivenciou un forte proceso de institucionalización e moderación.

E foi inclusive como parte dese proceso de institucionalización que, ao implementar a súa política electoral, o PT fixo unha serie de concesións políticas que eran inimaxinábeis nas eleccións de 1989 e agora foron asimiladas como necesarias. Contra moitos dos valores que marcaran a súa xénese, o PT implantou unha *política dentro da orde*, adaptándose a esta fase histórica de institucionalización da súa política.

Ese cadro se complica cando sabemos que o contexto económico e político internacional é de crise acentuada, coa ampliación da política destructiva dos EUA e a súa arrogancia imperial e imperialista, do que a guerra contra o Iraq é un exemplo. Cun contexto económico internacional desfavorábel, os límites encontrados polo PT de Lula, son de grande envergadura e dimensión.

Mais, contradictoriamente, hai tamén elementos novos e favorábeis, neste novo ciclo que se inicia. Paralelamente a este cadro desfavorábel, as loitas sociais anti-globalización e anti-mundialización ampliáronse significativamente desde Seattle, agrandando os descontentos e as rebelións contra a *mercantilización* do mundo, a súa superfluidade, o seu carácter involucrador e o seu sentido agudamente destructivo.

Aínda que eses movementos teñan sentido, tamén o golpe despois da reacción norteamericana ao atentado do 11 de setembro, a bandeira "*um outro mundo é possível*" se mantén e se amplía en varias partes do globo. Basta ollar para o continente latinoamericano para percibir que transita fortemente da letarxia neoliberalizante

cara as rebelións e explosións sociais en Arxentina, as recentes victorias electorais e políticas no Brasil e Ecuador, a forte resistencia popular anti-golpista en Venezuela, a conflagración político-militar en Colombia, entre outros exemplos. A recente folga xeral dos traballadores en Galicia, no primeiro semestre de 2002, é tamén excelente exemplo de loita dos traballadores e traballadoras na Europa, contra a destrución e precarización dos dereitos sociais e do traballo.

É nese contexto que combina, contradictoriamente, situacións extremadamente adversas e outras que apuntan para o novo tempo, que o goberno Lula buscará encontrar o seu camiño. Victorioso electoralmente, o PT e as esquerdas brasileiras terán que *redeseñar a súa opción* e buscar un novo rumbo para a sociedade brasileira, tendo como centro a *nova morfoloxía do mundo do traballo* e o seu carácter *composto e plural*, buscando recuperar o seu sentido de dignidade e humanidade social.

Desde logo é preciso dicir que a victoria do PT de Lula pode vir a significar unha efectiva derrota política do neoliberalismo, que ven afectando, de modo avasalador, polo menos desde mediados dos 80, a toda América Latina. No Brasil, se o neoliberalismo comezou a elección de Collor, en 1989, foi entre tanto no goberno FHC, entre 1994 e 2002, que de fato se desenvolveu. Como en case toda a América Latina, o desemprego, a precarización do traballo e a exclusión social proliferan. E o Brasil de FHC non foi diferente.

Victorioso en 1994, despois do desastre da fase Collor, FHC conseguiu posteriormente, en 1998, a reelección. Ficou, dese modo, gobernando o país por oito anos. Nese período, o noso parque productivo foi enormemente alterado e retraído, en boa parte pola política intensa de privatización do sector productivo estatal (especialmente na siderurxia, telecomunicacións e enerxía eléctrica), o que alterou sobremaneira o trepe que sustentaba a economía brasileira (capital nacional, capital estranxeiro e sector productivo nacional), aumentando o binomio integración/subordinación do país ao universo globalizado e desorganizando o padrón productivo existente nas últimas cinco décadas.

O capitalismo brasileiro, particularmente o seu padrón de acumulación industrial desenvolvido desde mediados da década dos 50 e particularmente no post-1964, despois o golpe militar, estruturábase de modo bifronte: dun lado, voltábase á produción de bens de consumo durábeis, como automóviles, electrodomésticos, etc, ao consumo dun mercado interno restrinxido e selectivo; por outro lado, desenvolvía unha produción para exportación, tanto de produtos primarios, como tamén produtos industrializados de consumo.

Ese padrón de acumulación susténtase aínda nun proceso de baixa remuneración salarial e tendo forte dependencia dos capitais externos. Especialmente durante os anos 50 e 70, ese “modelo” desenvolveuse con moita forza.

Foi a mediados da década dos 80, ao final da dictadura militar, que ese padrón productivo comezou a sufrir as primeiras alteracións. Aínda que nos seus trazos máis xerais se mantieña con estes contornos, foi posible presenciar algunhas mutacións productivas, organizativas e tecnolóxicas, no interior do proceso productivo e

de servicios, nun ritmo inicialmente máis lento do experimentado polos países centrais. Foi nese período no que ocorreron os primeiros impulsos do proceso de reestructuración productiva, levando as empresas a adoptaren, inicialmente de modo restricto, novos patróns organizativos e tecnolóxicos, novas formas de organización socio-técnica do traballo.

Iniciábase, entón, o proceso de reestructuración productiva, na que os determinantes foron:

a) a necesidade das empresas brasileiras de adecuarse ás novas regras da “concorrenza internacional”;

b) as accións das empresas transnacionais que levaron á adopción, por parte das súas subsidiarias no Brasil, de novos padróns organizativos e tecnolóxicos, en algunha medida inspirados no “toyotismo” e nas formas flexibilizadas de acumulación que se desenvolvían no capitalismo avanzado;

c) a necesidade das empresas nacionais de responderen ao avance do *novo sindicalismo* brasileiro, que procuraba estruturarse de modo autónomo e máis fortemente organizado nos locais de traballo.

Foi ao longo dos anos 90, entre tanto, baixo condición dun proxecto ideopolítico de corte neoliberal, que a reestructuración productiva se desenvolveu intensamente no noso país, a través da *lean production*, do sistema *just-in-time*, *kanban*, do proceso de calidade total, das formas de subcontratación e de terciarización da forza de traballo, etc. Do mesmo modo verificouse un proceso de descentralización productiva, caracterizada pola relocalización industrial, onde empresas tradicionais, como a industria de calzados ou a industria téxtil, baixo a alegación da concorrencia internacional, iniciaron un movemento de mudanzas xeográfico-espaciais.

O Brasil integrábase á chamada fase da mundialización ou globalización, ampliando enormemente a súa débeda externa. Adaptábase *externamente* ao mundo globalizado e desintegrábase *internamente*, aumentando significativamente o grao de dependencia dos capitais foráneos. Tantas foron as mutacións, que acabarían por causar fortes resonancias na vida política do Brasil.

II

Despois dunha década de forte *desertización económica e social*, nas eleccións presidenciais en 2002, o cadro encontrábase moito máis favorábel para unha victoria das esquerdas no Brasil, despois dunha década de equívocos, decorrentes da aceptación acrítica do Consenso de Washington, polo goberno de FHC.

Na súa acción política electoral, é preciso dicir que o PT de Lula fixo moitas concesións para vencer, aliándose, alén de varios partidos de esquerda, ao PL (Partido Liberal), pequeno agrupamento político de centrodereita. E, ao facelo, houbo un enorme constrinximento xunto á militancia de base do PT, aos movementos sociais, ao sindicalismo de clase e ao combativo MST. Esta política, vista con forte desconfianza

nas bases sociais, era, entre tanto, dictada polos sectores maioritarios do PT, sendo considerada inevitábel para que a victoria política e electoral fose efectiva.

Sirva lembrar que o Brasil é un país dotado dun conservadorismo enorme, particularmente nos seus segmentos dominantes e propietarios, dotados dun trazo case *prusiano*, que sempre procuran impedir que as mudanzas, indispensábeis para o rescate da dignidade da clase traballadora, ocorran. Nesa contextualidade, a victoria electoral e política de Lula e do PT tiveron un significado real e simbólico moi expresivo. Bastaría dicir que se trata, por primeira vez, dunha candidatura de *orixe operaria*, tal vez a máis importante de toda a historia social do Brasil, que chega ao poder.

Victoriosa no embate electoral, a candidatura do PT e das esquerdas brasileiras terá, entre tanto, que refacer e redeseñar a súa opción, ao chegar ao poder e, dese modo, tamén por primeira vez na historia brasileira, buscar efectivamente representar os desexos populares, en todos os seus segmentos, en fin, a totalidade dos que desexan mudanzas substantivas e reais, como o MST e outros movementos sociais, o sindicalismo combativo presente na CUT e nos partidos e movementos de esquerda.

O maior desafío será deseñar un programa alternativo e contrario ao modelo actual, capaz de responder tanto ás reivindicacións inmediatas do mundo do traballo, mais visualizando un horizonte social distinto e alternativo, que non teña ilusións en canto ao carácter destructivo da lóxica hoxe predominante. E ese avance soamente será posíbel se se está alicerzando nun enorme bloque de forzas sociais oriúndas do mundo multifacético do traballo (e dos que están “excluídos” pola lóxica destructiva do capital).

Dentro do redeseño dunha nova política económica e social, un embate crucial será iniciar efectivamente a eliminación da sub-remuneración (e superexploración) do traballo, unha vez que o salario mínimo no Brasil, en 2003, é cerca de US 70, degradación salarial que particulariza non só o capitalismo brasileiro, senón tamén o latinoamericano (alén, naturalmente, do asiático, por non falar do mundo africano), *nunha división internacional do traballo que penaliza fortemente aos traballadores do chamado Terceiro Mundo, onde os salarios encontran niveis degradantes*, a pesar da forza e importancia do parque productivo de moitos países, como é o caso do Brasil. E unha política económica alternativa terá como meta imperiosa a diminución substancial do desemprego.

Se durante a década dos 70, no auxe da expansión do emprego industrial, o Brasil chegou a posuír cerca de 20% do total dos traballadores na industria de transformación, na década dos 90 a industria de transformación absorbía menos de 13% do total da ocupación nacional⁽¹⁾.

A partir da década dos 90, coa mudanza da dinámica industrial, antes virada cara o mercado interno e agora cunha “motivación dependente de maior inserción competitiva externa, a economía nacional comezou a convivir, por primeira vez desde os anos 30, coa perda absoluta e relativa de postos de traballo na industria da manu-

(1) Pochmann, en ANTUNES, Ricardo: *Global economic restructuring and the world of labor in Brazil: the challenges to trade unions and social movements*, Geoforum, volume 32, número 4, novembro de 2001, Pergamon/Elsevier Science, Notthingham, UK, p453.

factura. Entre as décadas de 1980 e 1990, por exemplo, a economía brasileira perdeu preto de a 1,5 millóns de empregos no sector de manufactura⁽²⁾”.

Paralelamente á retracción do emprego industrial, entre as décadas de 1970 e 1990, os servicios aumentaran, en media, o 50%, a súa participación relativa na estrutura ocupacional, sendo en boa medida direccionadas para o sector informal, que incorporou parcelas expresivas de traballadores sobre todo no comercio, comunicacións e transportes. Se na “década de 1990, os servicios pasaran a absorber máis postos de traballo, sen compensar, entre tanto, a destrución dos empregos verificada tanto no campo canto na industria, actualmente, o aumento do desemprego aberto reflicte xustamente a incapacidade da economía brasileira en xerar expresivos postos de traballo, non obstante o sector de servicios continua absorbendo unha parte dos traballadores que anualmente ingresan no mercado de traballo ou que son dimitidos dos sectores industrial e agropecuario⁽³⁾”.

Para que se teña unha visión comparativa co volume de desemprego mundial, o Brasil, en 1999, estaba en terceiro lugar en volume de desemprego aberto, representando o 5,61% do total do desemprego global, sendo que a súa poboación economicamente activa (PEA) representaba 3,12% da PEA mundial. En 1986, o Brasil estaba no 13º lugar no desemprego global, representando o 2,75% da PEA global e o 1,68% do desemprego mundial. Por iso, o goberno Lula terá como un dos seus maiores desafíos enfrontar tanto a degradación salarial como o desemprego. Ese tal vez sexa o desafío máis difícil da nova política económica alternativa, que terá que ser xestada, se de fato se quixer romper co neoliberalismo.

Outro desafío fundamental do goberno Lula será realizar unha reforma agraria ampla e profunda, contemplando os diversos intereses dos traballadores e despoñidos da terra, que no Brasil teñen estado organizados en torno do MST, actualmente o máis importante movemento social e político do Brasil.

Como existen no Brasil aproximadamente 4,8 millóns de familias sem-terra, a loita polas ocupacións ten sido crecente, particularmente desde que o MST comezou a estruturarse a nivel nacional. Se, en 1987, 11.849 familias ocuparon terras no Brasil, en 1997 o total foi de 58.226 familias. Foi por ese motivo que a cuestión agraria voltou como tema central da axenda política do país, o que se pode percibir polo cadro abaixo, que ilustra o avance da loita pola terra do Brasil.

Ano	Número de familias	Ano	Número de familias	Ano	Número de familias
1987	11.849	1991	14.720	1995	30.479
1988	10.515	1992	15.538	1996	63.080
1989	15.665	1993	19.092	1997	58.266
1990	8.248	1994	20.516		

Fonte: Comisión Pastoral da Terra (CPT)(4).

(2) Idem, p453.

(3) Idem, p453.

(4) FERNANDES, Bernardo: *Ocupações de Terra e Política de Assentamentos Rurais*, en *Lutas Sociais*, nº 6, PUC-SP, Xama Editora, 1999, p132).

Outro desafío do goberno Lula será procurar impulsar o patamar tecnolóxico brasileiro en bases reais, conciencia e tecnoloxía punta desenvolvidas no Brasil, ou buscando a cooperación de países que teñan similitudes co Brasil. O eixo do avance tecnolóxico e científico deberá priorizar o enfrontamento das carencias máis profundas da nosa poboación traballadora, en alimentación, saúde, habitación, transporte colectivo, etc.

Deberá, aínda, ao construír unha política económica alternativa, contraponerse ao predominio do capital financeiro e limitar as formas de expansión especulativa do capital-diñeiro, incentivando, ao contrario, as formas de produción viradas cara as necesidades sociais da poboación traballadora e a produción de bens socialmente útiles. As cooperativas, facendas e asentamentos colectivos, organizados polo MST, son exemplos importantes a seren seguidos e consolidados en todo o país, cando se pensa no universo agrario brasileiro e nas súas potencialidades.

III

Nesa fase de enorme rebeldía e de profundas potencialidades en toda a América Latina (como se pode ver en Arxentina, coa crecente e crucial rebelión dos desempregados e precarizados, que son case a metade do país, ben como nos exemplos do Ecuador, Colombia, Uruguai, Venezuela, México, entre tantas experiencias en curso), o éxito (ou non) do goberno Lula terá un enorme impacto en toda América Latina, da cal o Brasil tórnase un significativo experimento social e político. Por iso, o actual embate político que se trava no Brasil é parte integrante e constitutiva das loitas sociais e políticas de América Latina, polo rescate da súa dignidade e pola construción dunha humanidade que sexa verdadeiramente social.

Tal vez puidesemos, entón, dicir que agora si pasa a valer a metáfora do péndulo. En canto os capitais transnacionais foráneos (coa aquiescencia dos capitais nativos) procurarán puxar o goberno Lula cara o centro e a dereita, cara a implantación de políticas en conformidade con seus intereses, baixo a condución do FMI. Doutro lado, os traballadores, os sindicatos, os movementos sociais e os partidos de esquerda deberán apoiar, amparar, impulsar e mesmo esixir do goberno Lula, a elaboración de políticas que garantan os dereitos e conquistas dos traballadores contra a lóxica destructiva e antisocial dos capitais globais e dos seus apéndice nativos.

Corresponderá ao novo goberno Lula, apoiado, amparado e impulsado polo mundo do traballo, polos sindicatos, polas accións de resistencia, polas reivindicacións dos movementos sociais urbanos e rurais, polos partidos e movementos de esquerda, camiñar en dirección á preservación de conquistas e mesmo avanzar na busca de novos dereitos, pois hai unha nova conxuntura social e política no Brasil e en América Latina que pode permitir novas conquistas sociais e políticas. *Mais iso dependerá, é preciso enfatizar, esencialmente da forza e propulsión das loitas sociais oriúndas do mundo do traballo, no seu sentido multiforme e polisémico.* Podemos

exemplificar aínda estes desafíos a través da batalla que deberá ser tomada en torno a lexislación social e do traballo no Brasil. Este certamente será un dos embates fundamentais do goberno Lula.

Sabemos que, na era da mundialización do capital, as empresas transnacionais esixen dos gobernos nacionais a flexibilización da lexislación do traballo e a consecuenta precarización das condicións de traballo. Ese é un dos papeis que aínda están reservados aos gobernos nacionais: adecuarse as condicións de traballo dos seus respectivos países ás esixencias do sistema global do capital e do seu proceso de acumulación.

A cuestión entón pode ser dese modo formulada: o goberno Lula *cederá* ás esixencias dos capitais, transnacionais e nacionais, flexibilizando e precarizando aínda máis a lexislación social e traballadora brasileira ou *avanzará* en dirección a un Código do Traballo que *preserve* as conquistas feitas ao longo de moitas décadas (ou mesmo séculos, se lembramos que as loitas sociais iniciáronse no Brasil a mediados do século XIX). Neste segundo camiño, un novo *Código do Traballo* deberá buscar, preservar e avanzar os dereitos do traballo, e non destruílos, en nome dunha *falsa modernidade* para os capitais, que é profundamente destructiva para a humanidade que traballa.

Como hai unha nova contextualidade socio-política no Brasil e en América Latina, ela debe posibilitar novas conquistas sociais, das que dous exemplos son particularmente importantes: a *loita pola redución da xornada de traballo* e a *elaboración dunha lexislación sindical que garanta a plena autonomía e liberdade sindicais*.

A primeira, a *loita pola redución da xornada de traballo* é fundamental cando se pretende realizar unha acción efectiva contra o desemprego. É *un* paso imprescindible e o goberno Lula pode implementala, se tiver forza, coraxe política e base social.

A segunda, a da *autonomía e liberdade sindicais*, debe contemplar as mellores aspiracións do movemento sindical autónomo e combativo, buscando unha estrutura sindical independente e fora dos marcos do estado, sustentado pola base sindical de modo libre e que sexa expresión real do nivel de avance da organización e da consciencia dos traballadores. Como se pode ver unha vez máis, será fundamental para a conquista e avance da lexislación social e do traballo no Brasil de hoxe, a forza, mobilización e organización dos traballadores e das traballadoras do campo e das cidades.

Utilizando unha metáfora, podemos dicir que o goberno Lula, finada a fase inmediatamente postelectoral (e cando se intensifiquen as adversidades e confrontacións de fondo) terá que mostrar de que lado do *péndulo* está: se *avanzará* en dirección a un deseño político alternativo, contra a orde dos capitais, con elementos de claro confronto en relación á lóxica destructiva que ven presidindo o mundo contemporáneo, ou se aceptará, de modo sutil e abrandado, os imperativos constrinxidores do FMI, da OMC, do Banco Mundial, etc, organismos sintonizados coas grandes engrenaxes financeiras globais.

Estes elementos permiten percibir que o Brasil de Lula será un significativo *laboratorio social e político* para América Latina e para tantas partes do universo onde se deseña a esperanza dun mundo alternativo. E este será o grande test do goberno Lula e do PT.

Ricardo Antunes é profesor titular de Socioloxía da UNICAMP/Brasil. Foi “Visiting Research Fellow” na Universidade de Sussex (Inglaterra) e autor, dentre outros, de *Os Sentidos do Trabalho* (Boitempo Editorial) e *Adeus ao Trabalho?* (Ed Cortez/Ed Unicamp, publicado tamén en Italia, Arxentina, Venezuela, Colombia e, en Galicia, na colección *Ter Razóns*, da CIG).